



RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

De conformidade co establecido na cláusula 15 do Prego de Cláusulas Administrativas, que rexe a contratación para a Subministración de biotrituradora para trituración do material estruturante, e que di textualmente:

A Mesa de contratación será o órgano competente para efectuar a valoración das ofertas e cualificar a documentación administrativa, e actuará conforme ao previsto no artigo 326 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 e no Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, desenvolvendo as funcións que nestes establécense.

A Mesa de Contratación, de acordo co establecido no punto 7 da Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, estará presidida por un membro da Corporación ou un funcionario da mesma, e formarán parte dela, como vogais, o Secretario ou, no seu caso, o titular do órgano que teña atribuída a función de asesoramento xurídico, e o Interventor, ou, no seu caso, o titular do órgano que teña atribuídas a función de control económico-orzamentario, así como aqueles outros que se designen polo órgano de contratación entre o persoal funcionario de carreira ou persoal laboral ao servizo da Corporación, ou membros electos da mesma, sen que o seu número, en total, sexa inferior a tres. Os membros electos que, no seu caso, formen parte da Mesa de contratación non poderán supor máis dun terzo do total de membros da mesma. Actuará como Secretario un funcionario da Corporación. A súa composición publicárase a través do perfil de contratante ao publicar o anuncio de licitación ou ben se fará pública con carácter previo á súa constitución a través dun Anuncio específico no citado perfil.

De conformidade co establecido no artigo 326 e Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, e ao abeiro do establecido no art. 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público ao que remite o art. 116 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro; no art. 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local e 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, RESOLVO:

Primeiro: Nomear como compoñentes da Mesa de Contratación do expediente 2346/2023 Subministración de biotrituradora para trituración do material estruturante aos que se indican a continuación:

Presidente: Ángel Moldes Martínez, Alcalde do Concello de Poio ou persoa en quen delegue.

Vocal: Secretaria Accidental do Concello de Poio ou persoa en quen delegue.

Vocal: Olga Fernández Rodríguez, Interventora do Concello de Poio ou persoa en quen delegue.

Vocal: Susana Terrón Rodríguez, Mestra Composteira do Concello de Poio ou persoa en quen delegue.

Secretaria: Mercedes Cochón López, Responsable do Servizo de Contratación do Concello de Poio ou persoa en quen delegue.

Segundo: Proceder á publicación da presente Resolución no Perfil do contratante segundo dispón o artigo 63.5 LCSP.

Mándao e asíno o Sr. Alcalde Ángel Moldes Martínez, do que eu, Secretaria Acctal dou fe.

Vº. e pr.

O Alcalde

A Secretaria Acctal

Consuelo de la Peña Costoya

